

ABAU

Información extraída da páxina web da CIUG_Xuño 2021

ESTRUTURA DA PROBA:

A ABAU estrutúrase en dúas partes denominadas, respectivamente, parte obrigatoria e parte voluntaria.

Parte Obrigatoria:

A parte obrigatoria está formada polas catro materias xerais do bloque de materias troncais (Lingua Galega e Literatura II, Lingua Castelá e Literatura II, Historia de España II e Primeira Lingua Estranxeira II) e a materia troncal da modalidade (Fundamentos da Arte II, Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II ou Latín II)

Parte Voluntaria:

O alumnado que queira mellorar a súa cualificación de admisión poderá examinarse dun máximo de catro materias que elixirá de entre o resto de materias das que non se examinou na parte obrigatoria, é dicir, poderá elixir 4 de entre as 18 materias seguintes: Matemáticas II, Latín II, Matemáticas Aplicadas CC.SS, Fundamentos da Arte II, Física, Xeografía, Cultura Audiovisual II, Química, Grego II, Debuxo Técnico II, Artes Escénicas, Segunda Lingua Estranxeira II (Inglés, Francés, Alemán, Italiano e Portugués; debe ser unha lingua distinta da que se examinaron como materia xeral do bloque de materias troncais), Bioloxía, Historia da Arte, Xeoloxía, Historia da Filosofía, Economía da empresa, Deseño.

A materia troncal de modalidade é unha materia da parte obrigatoria pero tamén conta como unha materia mais da parte voluntaria.

O alumnado de bacharelato que cursou a parte obrigatoria en convocatorias anteriores, e só se examine da parte voluntaria, se elixe unha Segunda Lingua Estranxeira, esta ten que ser distinta da que cursase como Primeira Lingua Estranxeira.

O alumnado de FP que ten superado bacharelato e a parte obrigatoria da ABAU, se elixe unha Segunda Lingua Estranxeira, esta ten que ser distinta da que cursase como Primeira Lingua Estranxeira. O exame de cada materia terá unha duración de 90 minutos cun descanso de 30 minutos entre probas consecutivas.